

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025025	CEIP San Francisco Javier	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

Os retos do século XXI demandan que o noso sistema educativo proporcione as ferramentas para que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital con garantías de éxito.

A área de Ciencias Sociais concíbese co obxectivo de que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas coa súa contorna próxima e afastada.

Nunha sociedade cada vez máis diversa e cambiante, é necesario promover novas formas de sentir, de pensar e de actuar, favorecedoras da inclusión do alumnado e acordes cun mundo máis xusto, solidario e sustentable. O devir do tempo e a interpretación da acción humana como responsable do cambio implican que o alumnado teña que adoptar un coñecemento de si mesmo e da contorna que o rodea, adaptándose a el e sendo capaz de contribuír ao seu avance e conservación. Isto supón tamén, o recoñecemento da diversidade como riqueza pluricultural, a resolución pacífica de conflitos e a aplicación crítica dos mecanismos democráticos de participación cidadá, todo iso fundamentado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Convención sobre os Dereitos do Neno, nos principios recollidos no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución, nos valores do europeísmo e no compromiso cívico e social.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Mirando ao noso redor	Traballo da paisaxe, os seus tipos, cambios e elementos.	17	12	X		
2	Que lugar máis bonito!	Traballo dos tipos de localidades, as normas da sociedade, a seguridade e a forma de goberno.	17	12	X		
3	Mans á obra!	Achegamento ao diferentes traballos (natureza, fábricas, servizos, mercados...)	16	11		X	
4	Vento e marea	Traballo do ciclo da auga e do tempo	16	11		X	
5	Cantas estrelas!	Traballo do Universo (planetas, estrelas e satélites), da Terra (os seus movementos) e a lúa (formas).	17	12			X
6	Como pasa o tempo!	Traballo da historia. O pasado (restos e persoas).	17	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Mirando ao noso redor	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Recoñece e valora as diferentes paisaxes, os seus elementos e cambios.	PE	40
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Emprega recursos TIC para a busca de información.	TI	60
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Amosa interese nas actividades realizadas na aula,		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Investiga sobre algunha paisaxe da súa contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns.

UD	Título da UD	Duración
2	Que lugar máis bonito!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Coñece e respecta as normas empregadas na sociedade así como as formas de goberno.	PE	25
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñece e aplica as normas para convivir mellor e as normas para desprazarse con seguridade.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Emprega as TIC (de maneira segura) para a busca de información.	TI	75
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Realiza de maneira correcta un traballo escrito sobre a súa localidade.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Investiga sobre a súa localidade.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Realiza un itinerario de forma correcta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Investiga e realiza un traballo sobre a súa localidade.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Coñece e comprende a diferenza entre concello e municipio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns. - Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais¿ - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero. - Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías.

UD	Título da UD	Duración
3	Mans á obra!	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Coñece e valora os diferentes sectores de traballo.	PE	35
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Emprega o ordenador de maneira segura para elaborar o traballo.	TI	65
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Amosa interese por coñecer os traballos da nosa contorna.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Investiga, empregando as TIC, sobre traballos da nosa localidade.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Coñece e aprecia os traballos das mulleres pesqueiras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet.

Contidos
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.

UD	Título da UD	Duración
4	Vento e marea	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Comprende e explica o ciclo da auga.	PE	40
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Emprega dispositivos dixitais para ver e analizar o tempo atmosférico da nosa cidade.	TI	60
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Amosa interese pola temática.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca información sobre a auga.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Realiza traballos para a comprensión do tempo atmosférico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns. - Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica

UD	Título da UD	Duración
5	Cantas estrelas!	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece os elementos do universo, os movementos da terra y as posicións da lúa.	PE	50
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Emprega as TIC de maneira segura.	TI	50
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Amosa interese pola temática.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Investiga sobre un planeta.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Elabora un modelo do sistema solar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e o universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais.

UD	Título da UD	Duración
6	Como pasa o tempo!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Elabora un álbum familiar.	PE	60
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñece e identifica restos e persoas do pasado.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Emprega o ordenador de forma segura para a busca de información.	TI	40
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Amosa interese pola temática		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Investiga sobre unha muller importante da nosa historia galega.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Aprecia e valorar o patrimonio galego, achegándose ao mesmo a través dun traballo de investigación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias. - O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna. - As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

É necesario partir dos centros de interese do alumnado e da súa realidade próxima, achegándoo ao descubrimento, á observación e á indagación dos distintos elementos naturais, sociais e culturais do mundo que o rodea, traballando:

- A realización de proxectos significativos para o alumnado, usando diferentes estratexias e respectando os ritmos de aprendizaxe, partindo dos seus coñecementos previos, reforzando a autoestima, a autonomía, a curiosidade, a motivación e a responsabilidade sobre as propias aprendizaxes.
- A reflexión metodolóxica conxunta da que xurda unha proposta de centro común, cun enfoque global e interdisciplinar, que garanta o cumprimento dos principios pedagóxicos que se propoñen desde a área de Ciencias

Sociais.

-O aproveitamento dos recursos propios da contorna, partindo de aprendizaxes máis simples cara a outras máis complexas e considerando as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos manipulativos
Recursos TIC
Recursos humanos

Recursos espaciais:

A miña aula caracterizarase por unha distribución da aula en grupos cooperativos. Ademais, contaremos tamén con diferentes espazos educativos aos que acudiremos en función da actividade que realicemos.

Recursos materiais:

- Libro do alumnado.
- Diario de aprendizaxe.
- Caderno interactivo.
- Material TIC (xornais dixitais, PDI con acceso a Internet...)
- Laminas.

Recursos humanos:

Ao longo do curso, os alumnos contarán co apoio da profesora titora e do resto de profesores de nivel; co apoio do Departamento de Orientación, especialmente en apoio dos estudantes con NEAE. Contaremos coa visita de axentes socioeducativos da contorna, así como coa participación das familias, presentes ao longo de todo no proceso educativo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula. Empregaremos asambleas, postas en común, debates, choiva de ideas ao comezo das diferentes unidades didácticas para determinar os coñecementos previos, inquietudes e capacidades.

Para tomar rexistro empregaremos diferentes instrumentos de avaliación como anecdotarios, grabacións e a observación sistemática.

Avaliaranse aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (exprésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado a súa idade...), lectura e comprensión lectora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	16	16	17	17	100
Proba escrita	40	25	35	40	50	60	42
Táboa de indicadores	60	75	65	60	50	40	58

Criterios de cualificación:

- 60% adquisición de obxectivos e competencias.
- 30% valoración de tarefas.
- 10% valoración de actitude.

Criterios de recuperación:

A avaliación será continua.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é unha característica intrínseca dos seres humanos, polo que debemos realizar unha educación baseada nos principios de normalización, inclusión e discriminación, ao abeiro do disposto na Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia na que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.

Por este motivo, tódalas medidas e recursos empregados teñen en conta o enfoque didáctico coñecido como Deseño Universal da Aprendizaxe, que permite eliminar barreiras no mesmo aprendizaxe, e no acceso á información e á expresión, dándolle significado emocional e afectiva ao proceso de educativo. Na miña aula, están presentes alumnos e alumnas con diferentes características, necesidades, intelixencias e estilos cognitivos, polo que a atención á diversidade será a norma que rexe todo o proceso de ensino e aprendizaxe ao longo deste curso escolar, sempre baixo os principios de equidade e non discriminación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X		X	X	X
ET.4 - Educación emocional		X		X		X
ET.5 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita guiada á plaza de María Pita	Coñecemos a historia desta muller.	X		
Visita ao museo de Belas Artes	Visitamos as exposicións do museo.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A secuenciación das UD abarcan todo o curso e planifico as clases de modo flexible.
Metodoloxía empregada
Mantengo o interese do alumnado partindo das súas experiencias, comunico a finalidade das aprendizaxes, propoño actividades variadas, levo a cabo metodoloxías activas e tarefas integradas, fomento o respecto e colaboración entre o alumnado...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adopto distintos agrupamentos en función do momento e tarefa a realizar, emprego recursos didácticos variados, organizo os espazos para favorecer a autonomía do alumnado...
Medidas de atención á diversidade
Teño en conta a diversidade do alumnado á hora de establecer os agrupamentos, teño en conta as intelixencias múltiples, adecúo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE,..
Clima de traballo na aula
Promovo o bo clima na aula empregando o traballo cooperativo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto de profesorado (ciclo, equipos docentes ou profesores de apoio).

Descrición:

Unha das nosas funcións como titoras é avaliar os procesos de ensinanza/aprendizaxe, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase a calidade das aprendizaxes das alumnas e alumnos, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán adaptacións e melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
 2. Resultar útil para o uso docente na aula.
 3. Seguimento da temporalización.
 4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
 5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
 6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
 7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
 8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
 9. Realizar revisións periodicamente.
 10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
 11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.
- Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:
- Unha modificación da metodoloxía empregada.
 - Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
 - Modificacións na temporalización.
 - Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades.

9. Outros apartados